


CELEBRACIÓN EN OS COTOS

20-21 de xuño do 2026

XII SEMANA DO TEMPO ORDINARIO A



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,

E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 4 Amigos nas penas e na festa amigos*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir en comunidade a nosa fe no nome do Pai, do Fillo e do Espírito Santo.

O Evanxeo que hoxe escoitaremos é unha palabra de esperanza: “*Non teñades medo*”, “*vós valedes moito, para min vós valedes moito*”.

Para o noso Pai Deus somos importantes. Ao igual que para calquera de nós os nosos fillos son moitas veces o motivo das nosas accións, dos nosos traballos, da nosa forma de pensar e facer; o mesmo podemos dicir con respecto a Deus.

Para Deus non temos prezo, para Deus valemos moito. Coma un fillo atopa a man do pai que o axuda nos atrancos, o mesmo temos que confiar nós na man do Pai Deus que nos acolle e levanta nas dificultades. Nas súas mans non temos medo, nas súas mans valemos moito.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *É momento para pedir perdón porque, moitas veces, nin confiamos en Deus como un Pai, nin nos demais como irmáns. Hoxe, pedir perdón, é comprometermos a vivir sentíndonos confiados e sen medos:*

Monitor/a

✓ Comprometémonos con Xesús a vivir dende a actitude da coherencia e sen andar ás agachadas?

SI, COMPROMETÉMONOS

✓ Comprometémonos con Xesús a esforzarnos por valorar, como realmente se merecen, a todos os homes e mulleres, sen marxinar a ninguén?

SI, COMPROMETÉMONOS

✓ Comprometémonos con Xesús a vivir a fe sen medo, sabéndonos nas mans do Pai, aínda que ás veces nos pareza lonxano?

SI, COMPROMETÉMONOS

Celebrante: *Deus Pai agarimoso ten piedade de nós, pon no noso corazón o seu Amor, aléntanos para que sexamos máis irmáns e nos leva á vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración confiando nas mans de Deus Pai as nosas preocupacións e os nosos medos.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai,
a túa providencia non abandona nunca
aos que fundaches sobre a pedra firme da caridade.

Concédenos vivir sempre
facendo realidade o evanxeo do teu Fillo,
e valorando axeitadamente a todas as persoas
sen poñerlles prezo.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, Noso Señor.
Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *As Palabras de Xeremías son as palabras do profeta que confía en Deus, sabe que o ten da súa parte por iso non ten medo.*

Xesús no Evanxeo de hoxe fai medrar a nosa confianza na man de Deus Pai que nos acompaña no camiñar de cada día. Non teñamos medo.

Leccionario I A páx 211 **Xer 20, 10-13** LECTURA

LECTURA DO LIBRO DO PROFETA XEREMÍAS

Dixo Xeremías:

**Xa estou oíndo a sentenza, aumenta o terror ao arredor:
"Denunciádeo, denunciémolo".**

Todos os que se fiaban da miña mensaxe de paz,
agardan a miña caída:

"A ver se se deixa seducir: poderemos con el,
e vingarámonos del".

Polo Señor suspiro, como por un forte loitador;
por isto os meus perseguidores caen, non me poden.

Quedarán cubertos de vergonza
porque non tiveron éxito,
non deixarán esquecida esta vergonza perpetua.

Señor dos Exércitos, que pos a proba o xusto,
que ves os sentimentos e mailas intencións,
eu hei ver como te vingas deles,
pois a ti encomendei o meu preito.

Cantádelle ao Señor, louvade o Señor,
pois libra a vida dun pobre do poder dos malvados.

Palabra do Señor

🎵 *Escoita ao Señor* **SALMO**



(*en pé*) *Leccio I A páx 213 Mt 10, 26-33 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela dilles Xesús aos seus apóstolos:

- Non lles teñades medo, que non hai cousa encuberta que non se acabe descubrinto, nin cousa oculta que non se acabe sabendo. O que vos digo na escuridade faládeo á plena luz; e o que oídes ás agachadas pregoádeo desde as azoteas.

Non lles teñades medo aos que matan o corpo pero non poden matar a alma; temede máis ben a aquel que pode arruinar o corpo e a alma no inferno. Non se venden un par de pardais por catro patacos? E non cae o primeiro no chan sen o consentimento do voso Pai.

Pois vós, mesmo tedes contados os pelos todos da cabeza. Así que non teñades medo, que vós valedes máis que todos os pardais xuntos.

Todo o que volva por min diante dos homes tamén eu hei volver por el diante de meu Pai celestial. Pero quen me negue diante dos homes, eu negareino a el diante do meu Pai celestial.

Palabra do Señor

(*sentad@s*) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Para pensar e ler a xeito de homilía

Xesús, que nos ensina hoxe?

** Primeiro ensina a non ter medo e pregoar a verdade sen temor ás consecuencias. A sinceridade da palabra hoxe está posta en dúbida, pois en moitas cousas vivimos unha sociedade de mentira. Podemos facelo mellor.*

** O segundo que nos ensina hoxe Xesús é que nós valemos moito. Somos o máis apreciado para Deus. A nosa vida vale a pena, e vale moito, pero ás veces nós mesmo lle damos pouco aprezo. Desprezamos e somos intolerantes. Podemos facelo mellor.*

** O terceiro que nos ensina hoxe Xesús é que El vai volver por nós cada vez que nós volvemos por alguén. Hoxe queremos estar á beira e volver polos refuxiados, queremos estar á beira e volver polas persoas e os pobos que non viven en paz, queremos estar á beira e volver polas persoas que están enfermas, queremos estar á beira pois así é como Xesús se fai á nosa beira.*

PROFESIÓN DA FE

Celebrante Neste encontro parroquial, sabendo Pai que Ti sempre estás á nosa beira, queremos ser entusiastas na nosa comunidade, en Os Cotos, con toda a Igrexa e con toda a humanidade. Dicimos:

♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a:

Cremos en Deus,

Pai e Nai que nos creou á súa imaxe, que nunca se esquece de nós e que nos ama porque para El valemos moito?

♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,

que nos convida a compartir á súa beira, sentíndonos irmáns con todos, sen virarlle as costas a ninguén?

♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus,

que nos alenta para anunciar que a vida de Xesús válenos a pena?

♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,

comunidade que anuncia o amor, e que se fai en cada un de nós para dar unha mensaxe de esperanza aos que sofren e están cheos de medo?

♪ Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Oremos a Deus Pai, que nos quere ben, se achega a nós e convídanos a que o fagamos mellor cos demais. Oremos dicindo:*

Señor, confiamos en Ti

Monitor/a:

- ✓ Para que entre todos construíamos unha Igrexa acolledora, agradecida e sempre disposta a animar e a botar unha man. Oremos
- ✓ Para que con todos sexamos cercanos e atentos, como verdadeiros irmáns sen importar o que nos diferencia. Oremos
- ✓ Para que non calemos ante as violencias e racismos nos que malviven tantas persoas. Poñamos todos os esforzos para camiñar na tolerancia e no respecto. Oremos
- ✓ Para que non teñamos medo a poñer coherencia nas palabras e nos feitos da vida en PAZ. Oremos
- ✓ Polas nosas parroquias de Os Cotos, para que sexamos comunidades onde cadaquén se sinta na súa casa. Oremos

Celebrante: *Grazas Señor por estar á nosa beira escoitándonos e acolléndonos.*

Sentíndonos nas túas mans louvámote a Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Dirixámonos agora ao Deus que é Pai, deixémonos encher do seu amar, e con Xesús anunciémolo como aquel que nos chama e nos quere porque para El valemos moito:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante: *Xesús dáanos paz coas súas palabras. Que aprendamos a ser transmisores desa mesma paz para con todos. Especialmente lembramos neste momento a persoas que coñecemos e que por unhas ou outras razóns están necesitadas de que se lles dea máis valor ás súas vidas. Compartindo agora coma irmáns damos valor á paz.*

🎵 **nº 38** *Que medre a paz na nosa terra*

COMUÑÓN

Celebrante: *Na nosa celebración da fe compartimos coma comunidade. Participar hoxe é amosar a nosa confianza no Deus que acompaña os nosos pasos, porque para El somos o máis importante da vida.*

El non nos deixa sós, ao contrario, convídanos. Ditosos nós por poder participar na mesa do banquete do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55 No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas por todas as persoas que no camiño da nosa vida nos din con palabras e feitos que a tolerancia e o respecto son actitudes que sempre valen a pena.

Grazas polo exemplo que nos dás en Xesús, o teu fillo, pois convídanos a vivir sen medos e sabéndonos acollidos e benqueridos en Deus Pai, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén



“Non lles teñades medo, que non hai cousa encuberta que non se acabe descubrindo, nin cousa oculta que non se acabe sabendo. O que vos digo na escuridade faládeo á plena luz; e o que oídes ás agachadas pregoádeo desde as azoteas”

Palabras de Xesús no evanxeo de hoxe.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén
Podémonos ir en paz. Deámoslle grazas a Deus*